

Información



Degustación de produtos agroalimentarios de entidades de economía social en Salimat

Do 6 ao 9 de xuño celébrase en Silleda a 23ª edición do Salón de Alimentación do Atlántico, Salimat 2019. Contará cunha área expositiva con alimentos diferenciados da man de numerosas cooperativas galegas e ofreceralle ao sector novas oportunidades comerciais.

[Ver máis](#)



Axudas laboratorios cooperativos no rural

Publicadas as axudas de laboratorios cooperativos no rural para 2019 e 2020. Teñen por finalidade a dinamización da economía local, identificando oportunidades de negocio no territorio e seleccionando un grupo de persoas interesadas en constituír unha cooperativa ou sociedade laboral.

[Ver máis](#)



Divulgación do emprendemento e de experiencias cooperativas

A cooperativa As Vacas da Ulloa recibiu por primeira vez o alumnado do Colexio San José de Lugo para ensinarlle como funciona unha cooperativa gandeira baixo o modelo da economía social.

[Ver máis](#)

Actividades

As cooperativas nos servizos sociais en Sarria e Paradela

O obxectivo desta formación é achegar os conceptos necesarios en materia de cooperativas e comparar esta con outras fórmulas empresariais, ademais de mostrar os pasos que se van seguir e as características e as vantaxes da creación dunha cooperativa.

Datas: 27/05/2019 ao 31/05/2019

Horario en [Sarria](#): 10:00 - 13:00 h

Horario en [Paradela](#): 16:00 - 19:00 h

Lugar en Sarria: rúa Marqués de Ugena s/n

Lugar en Paradela: rúa Fraga Iribarne, 5

Inscripcións: 982545070 (ext. 6) / 606306254 / mancomunidade.frances@gmail.com





Economía social meeting

Esta xornada ten como obxectivo presentar as entidades participantes e informar da convocatoria e as bases reguladoras dos obradoiros e das axudas á dixitalización industria 4.0 para o ano 2019.

Datas: 28/05/2019

Horario: 12:00 - 14:00 h

Lugar: rúa Dublín, 3, baixo, 15707, Santiago de Compostela

Inscripcións: 673042029 / info@cegasal.com

[Ver máis](#)

Novo obradoiro: Elabora o teu plan de empresa cooperativo

O obxectivo deste obradoiro é mostrarlles ás persoas destinatarias as condicións e pasos que hai que dar para emprender baixo a fórmula cooperativa, coñecer o que deben analizar e ter en conta para facer da súa idea un proxecto viable e cooperativo.

Datas: 04/06/2019 ao 07/06/2019

Horario: 09:30 - 14:30 h

Duración: 20 h

Lugar: Escola Universitaria de Estudos Empresariais, Universidade de Vigo, aula 22, 2º andar

Inscripcións: [formulario](#) / 986866149 / teresa@espazo.coop

[Ver máis](#)

ELABORA O TEU PLAN DE EMPRESA COOPERATIVO



*Edición en VIGO
do 4 ao 7 de
Xuño de 2019*

Rede Eusumo

Contacte en: comunicacion@eusumo.gal ou 610 17 43 89

Máis información en:



www.eusumo.gal

